

Luns, 31 de agosto de 2020

Núm. 167

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MEIS**

#### **Subvencións e axudas**

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ASOCIACIÓNS  
E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO*

*ANUNCIO DO EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ASOCIACIÓNS  
E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE MEIS*

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/08/2020 aprobouse a convocatoria de subvencións municipais para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Meis para o ano 2020, polo procedemento de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web do Concello de Meis.

#### **Primeiro. Beneficiarios**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases todas as entidades, clubs, asociacións e fundacións validamente constituídas con personalidade xurídica e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que carezan de fins de lucro.
- Que teñan o seu domicilio social no Concello de Meis.
- Que realicen actividades de interese municipal.
- Que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e Clubs.
- Que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Meis.
- Que estean ó corrente das obrigas tributarias.

#### **Segundo. Obxecto**

Estas bases afectarán a aquelas celebracións, actividades e eventos que se consideren de interese xeral para o Concello de Meis.

Os beneficiarios poderán ser subvencionados en relación co desenvolvemento das seguintes materias:



**A) CULTURA E FORMACIÓN. Proxectos tendentes:**

- Ó fomento dos valores culturais do noso concello e á ampliación da oferta cultural municipal.
- Ó fomento da formación, da lectura, das actividades musicais e teatrais e de calquera outra actividade relacionada coa formación e coa expresión artística ou semellantes.
- Ó fomento de actos folclóricos, festivos e semellantes.
- A actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural e formativo en todas as súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas, actividades extraescolares e semellantes.
- A actuacións dirixidas á realización das celebracións de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico, gastronómico e cultural: Entroido, Maíos, mallas, letras galegas, festas da historia ou semellantes.
- A calquera outra vencellada á cultura municipal en concreto e á galega en xeral.

**B) DEPORTE. Proxectos tendentes:**

- Ó fomento da práctica deportiva, especialmente dos máis pequenos.
- A organización de campionatos, torneos e escolas deportivas.
- A formación deportiva.
- Ós clubs deportivos.

**Terceiro. Contía da axuda**

As aplicacións orzamentarias as que se imputa a subvención son 334.480 e 341.480, e a contía total máxima das subvencións convocadas é de 20.500,00€ e 18.000,00€ respectivamente.

**Cuarto. Prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes formularanse no modelo que figura como Anexo da convocatoria. Dirixiranse á Alcaldesa-Presidenta do Concello, e presentaranse no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 30 días naturais desde a publicación do extracto da convocatoria en o Boletín Oficial da Provincia.

A alcaldesa, Marta Giráldez Barral. Asinado electronicamente

